



COMUNICACIÓN PREVIA - CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA (CP-4)

Descrición

Os cambios de titularidade de licenzas de obra en vigor comunicaránse ao concello, con indicación da referencia á licenza que se quere transmitir. Non se consideran en vigor as licenzas de obras que teñan declaración expresa de caducidade.

Requisitos de iniciación

O/a novo/a titular deberá comunicar ao concello o cambio de titularidade da licenza de obra en vigor.

Documentación Obrigatoria

- Acreditación da dispoñibilidade da licenza: Documentación acreditativa, asinada por ambas as dúas partes, da transmisión da licenza a favor do novo titular.
- Autoliquidación da taxa: Autoliquidación da taxa pola tramitación administrativa
- Xustificación do pagamento da taxa: Recibo de pagamento da Tesourería Municipal ou xustificante de ingreso en conta.

Documentación segundo o caso

- Copia da licenza a transmitir ou ben indicación suficiente do expediente municipal (número de expte., data do acto administrativo, antigo titular)
- Depósito de aval ou fianza polo novo/a titular: Se para a obtención da licenza que se transmite foi constituída garantía para responder de obras de urbanización ou da reposición de servizos urbanísticos, o novo titular deberá achegar copia do mandamento de ingreso emitido pola Tesourería do Concello do novo aval bancario ou fianza en metálico, pola mesma cantidade e o mesmo concepto que a garantía prestada polo titular anterior.